

Culturalismo con cultura

Vicente Araguas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ARAGUAS, VICENTE (2011 [2009]). “Culturalismo con cultura”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 15 de febreiro, 20. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/697>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ARAGUAS, VICENTE (2009). “Culturalismo con cultura”. *Diario de Ferrol*. “Nordesía”: 15 de febreiro, 20.

* Edición dispoñíbel desde o 27 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



Vicente Araguas




CULTURALISMO CON CULTURA

Pertence Manuel Forcadela a aquel grupo de “pitagoríns” (os outros, Gonzalo Navaza, Román Raña, o propio Ramiro Fonte) que no Vigo dos oitenta andaban a remexer nos entobos da poesía clásica (no senso amplísimo da palabra), para que a poética galega se dera purificado despois dunha viaxe longuíssima pola desolación ornamentística.

E é que os anos “do vougo” fixeran dano non soamente polo que implicaran de ditadura (e con isto xa está dito todo, hoxe non me apetecen pleonasmos, non estou para eles) senón tamén porque empurraran aos opositores a facer unha literatura (a arte é outra cousa, por máis que tamén incidira neste camiño) limitada. Constreñida pola actitude belixerante, tendenciosa ou partidista que se agardaba dos seus practicantes. O que está moi ben cando é Celso Emilio Ferreiro o que toca a gaita (no seu caso diríamos que o pandeiro, que facía reloucar –dou fe– con curiosa habelencia). Mais que deixa de estalo cando os pandereteiros son epítome ou ronsel do celanovés.

Daquela, cando chegou a democracia e mandou “a parar”, os nosos poetas (os poetiñas e aínda os poetastros seguiron a tocar o “kazoo”, nin sequera –por definición– desafiado) plantexaron abertamente que aquilo tiña que mudar. Ora, tampouco nos enganemos, aparecera unha chea de excesos, provocados xustamente porque na cerimonia de confusión conseguínte houbo quen pensou (mentalidade de novos ricos) que se trataba de laminar a poesía anterior a base de mandarrazos, e decorar as paredes da nova con floripondios, e chilindradas e cenefas e por aí seguido. Mesmo houbera quen pensou que o conto era pendurar cadros con cervos, lagos e paisaxes nevadas, xa saben. E tampouco era iso, claro.

Entre aqueles anovadores (sector “pitagorín”, dígoos pola preparación precoz que os así chamados –por min– manifestaban) estaba Manuel Forcadela, quen se dera coñecer con “Ferida acústica de río”, libro que lle outorgaría unha certa notoriedade, e a convicción de que estabamos diante dun poeta que verquía referencias e métricas clásicas como para parar un tren. Non sei se o das mágoas súas mais si a dos que coidabamos que a poesía galega precisaba de xestos novos con urxencia. Iso non quita que ás veces algúns, eu entre eles, teñamos atopado no primeiro Forcadela certos excesos (non sei se ousar dicir tamén de intelixencia) que non favorecían a transmisión da súa poesía. E non quero dicir, obviamente, que esta teña que ser da liña clara,



que daquela andaríamos a ciar no tempo, e volver á páxina anterior. Desconfiemos das poéticas nas que se entende todo,

porque entón estamos a un pasiño do prosaísmo, curmán ás veces da lírica pedestre.

Por outros derroteiros, ben distintos, circula Manuel Forcadela, igualmente o do seu último libro, “Música de cinza” (Colección Dombate, Editorial Galaxia, Vigo, 2008); unha entrega na que Forcadela non é que nos conte a súa vida (aínda que tamén, en “Carta a Carme Fernández Pérez-Sanjulián”, onde se nos informa da triple paternidade do autor, ou en “Amor por Don Quixote”, dobre afirmación de amores, filial e cervantino). Un libro cheo de tonalidades, de confesións pudorosas, de arrebatos culturais (tamén da chamada subcultura, ao mellor non tanto, cos Beatles ou Hervé Vilard nun plano medio). Tamén de homenaxes, nada circunstanciais, como o que Forcadela adica a Luísa Villalta e resulta un dos mellores poemas do libro, con ese final en suspensión: “Por iso non me erguín. Deixei que te perdeses/ Nas árbores máis altas, nas nubes que dan neve”. Un poema sobranceiro, a tonco libro que o arroupa.

“Música de cinza”

Manuel Forcadela

Galaxia / 12 euros